

Título da actividade:	« ENTRANS: a lingua galega e a tradución do software libre para Galicia »
Finalidade:	Facilitar a participación da comunidade escolar na localización de aplicacións de software libre de código aberto en lingua galega
Nivel,ciclo, área	Educación primaria, educación secundaria e formación profesional.
Modalidade:	Curso de formación permanente do profesorado na modalidade semipresencial, fases presencial e a distancia.
Destinatarios:	Mestres de educación primaria, profesorado de educación secundaria e profesorado técnico de formación profesional.
Nº de prazos:	150.
Criterios de selección:	Os criterios xerais do plan anual de formación do profesorado.
Lugar de celebración:	Fase presencial en Santiago de Compostela, Edif. Adm San Caetano s/n bloque 1, salón 2. Fase a distancia, a través de PLATEGA vía internet.
Duración:	Total 10 horas.
Temporalización	Fase presencial o día 9 de marzo de 2007, venres, das 16:00 ás 20:30. Fase a distancia do 12 ao 19 de marzo de 2007.
Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none">● Informar o profesorado sobre a «<i>Iniciativa Galega polo Software Libre</i>».● Analizar as posibilidades didácticas da ferramenta de traballo on-line «<i>ENTRANS</i>» para a tradución de software libre á lingua galega.● Facilitar medios e recursos para a utilización docente do «<i>ENTRANS</i>» na área e materias de Lingua galega como elemento motivador para o alumnado.
Contidos:	<ul style="list-style-type: none">● A Estratexia galega da sociedade da información. O software libre de código aberto. (http://www.sociedadedainformacion.eu/).● A iniciativa polo software libre en galego «<i>MANCOMÚN</i>». Dominio público e plataformas, sistemas operativos, aplicacións e programas. (http://www.mancomun.org).● «<i>A FORXA</i>», espazo colaborativo aberto. Proxectos de programas e documentación (https://forxa.mancomun.org/), novos campos profesionais.● A ferramenta de traballo “en liña” «<i>ENTRANS</i>». Posibilidades didácticas no traballo lingüístico coas novas tecnoloxías. (http://www.mancomun.org/entrans/main.php).● O software libre como recurso docente.

Inscripción	<ul style="list-style-type: none"> - A inscrición realizarase a través do "SISTEMA DE XESTIÓN DA FORMACIÓN DO PROFESORADO" (www.edu.xunta.es/fprof), antes das 24:00 horas do martes 6 de marzo (ÁREA: Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) / CFR: Servizos Centrais).
Observacións	<ul style="list-style-type: none"> • Actividade realizada en colaboración coa Dirección Xeral de Promoción Industrial da Consellería de Innovación e Industria. • Apoio técnico do Centro de Supercomputación de Galicia – CESGA.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Na fase presencial, asistencia aos relatorios e participación nos coloquios. • Na fase a distancia, a través dunha «<i>aula virtual</i>» na PLATEGA, como espazo compartido, realización das actividades propostas (conexión ás diversas direccións referidas nos relatorios e informe – avaliación das súas posibilidades didácticas e posibles utilizacións docentes).
Observacións	<ul style="list-style-type: none"> • Disporase dun titor en rede para a realización de consultas e que proporcionará as orientacións e as axudas necesarias durante o desenvolvemento da fase a distancia do curso. • Os participantes precisan ter unha conta persoal de correo electrónico corporativo (____@edu.xunta.es) para a súa inscrición e para acceder á aula virtual do curso desde calquera ordenador con conexión a internet, que pode ser tanto desde o centro educativo como desde o seu propio domicilio.

Cadro horario de actividades presenciais

9 de marzo de 2007, venres	
16:00 ás 16:30	Recepción e presentación de asistentes.
16:30 ás 17:00	Inauguración do curso coa participación da Directora Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información e da Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
17:00 ás 18:00	1º relatorio: <i>A Estratexia galega da sociedade da información e o sistema educativo.</i>
18:00 ás 18:30	Descanso e pausa para café
18:30 ás 19:30	2º relatorio: <i>A iniciativa colaborativa polo software libre en galego «MANCOMÚN» e «A FORXA»</i>
19:30 ás 20:30	3ª relatorio: <i>A ferramenta de traballo “en liña” «ENTRANS»</i>